Música e banda deseñada

Laura Romero e Iria Pedreira: ***Ferreñas & Rock and roll***

Trátase dun catálogo ilustrado a toda cor no que se outorga todo o protagonismo a trinta e unha músicas ou formacións femininas que marcaron un antes e un despois tanto nos seus respectivos estilos como no conxunto da música galega.

Astérix: A filla de Vercinxetórix

Os dous galos máis famosos regresan da man do talentoso dúo creativo formado por Jean-Yves Ferri no guión e Didier Conrad na ilustración.



Escoltada por dous xefes arvernos, unha misteriosa adolescente chega de noite á aldea. Xulio César e os seus lexionarios búscana, pois murmúrase que o pai desta enigmática visitante non é outro que... o gran Vercinxetórix, vencido dous anos antes en Alesia.

Para a xente máis nova

Iria Misa: ***Mamá, quero ser Ziggy Stardust***

A Aine gústalle moito a música e bailar. Cando escoitou unha canción de David Bowie que falaba dun extraterrestre que só quería cantar e bailar, tivo unha revelación: Aine, de maior, sería igual que Ziggy Stardust, un músico marciano que podía ser todo o que lle dese a gana.

Antía Yáñez: ***O misterio de Portomarín***



Aqueles irmáns pensaban que o verán ía ser igual de monótono e gris que sempre. Mais por unha serie de casualidades van ter que investigar un misterio… o da vila que descansa debaixo das augas do encoro.

Emma Pedreira: ***Os corpos invisibles***

<u>Premio Jules Verne de Literatura xuvenil 2019</u>



L. C. é unha rapaza de quince anos que traballa nunha fábrica téxtil de Londres en plena Revolución Industrial, onde as nenas escravas son parte da produción en cadea. A súa vida dá un xiro cando cae nas súas mans unha carta escrita por Prometea Stoner, unha muller de familia acomodada propietaria dunha cadeira de rodas motorizada, unha saúde fráxil, toda unha lenda sobre as costas e unha vontade de ferro. As súas vidas non poden ser máis diferentes, pero ambas as dúas buscan a liberdade, a existencia e o recoñecemento que a sociedade lles negaba a elas e a todas as súas compañeiras.

NADAL 2019

Lecturas pola Igualdade

O Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística do IES Lamas de Castelo deséxanvos unhas felices vacacións.

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

BIBLIOTECA - IES Lamas de Castelo

Denunciando o machismo

Inma López Silva: ***Chámame señora, pero trátame coma a un señor.***

Este libro é unha especie de ensaio sobre o machismo na cultura, visto desde os ollos dunha escritora.

Este libro desexa ser tamén un xesto de coherencia, pois creo fondamente na necesidade do pronunciamento político daquelas persoas que temos a capacidade de erguer a nosa voz, un berro que, no meu caso, só pode ser feminista.

Carme Adán: ***Feminicidio***

O patriarcado non acouga. Adáptase aos novos tempos.Tempos en que o silencio xa non pode ser cómplice, senón de toma de conciencia. E o ser humano toma conciencia do que pasa a través das palabras. E fálas de feminicidio. Por que non? Porque é un feminicidio o que está acontecendo.

Montse Fajardo: ***Invisibles***



Esta obra resulta moi difícil de ler pola dureza dos **relatos reais de maltrato** contra sete mulleres. Sete historias ben distintas de relato físico e psicolóxico, de mulleres de contextos, formacións e idades diferentes. Pero tamén é unha obra necesaria para sermos conscientes do noso papel real, do que cadaquén pode facer para tratar de evitar esta lacra social.

Mitoloxía, teatro, terapias...

Marilar Aleixandre: ***A filla do Minotauro***

Nesta obra, Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil 2017, cóntasenos unha historia de aventuras sobre unha organización clandestina dedicada a salvar obras de arte. Unha novela vibrante que nos deixa sen alento xa dende as primeiras liñas e que, entre outras cousas revisa a mitoloxía clásica.

Carlos Labraña: ***Estrelecer***



Unha obra de teatro que crea un mundo onde as rapazas poidan ser libres.
Un grupo de amigas atópanse pola noite nunha casa especial. Semella que nela non habita ninguén. Pero hai unha estraña muller que parece que trae a morte con ela.

An Alfaya: ***O grupo***



XII Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil

Sentiches discriminación algunha vez polo teu aspecto, a túa orixe ou a túa orientación sexual? Serías quen de desprazarte pola túa cidade nunha cadeira de rodas? Imaxinas ter un pai maltratador? Antón, Runa, Carla, Amina e Nico son adolescentes que viven en primeira persoa estas situacións. No Centro Cívico do seu barrio, coa axuda da traballadora social, Sandra, irán tratando de aliviar os seus pesares.

De todo un pouco

Susana Sanches Arins: ***Seique***



Libro de difícil catalogación porque non é nin todo poesía nin todo narrativa, pero si que configura un relato da historia familiar da autora, unha viaxe ao pasado escuro da familia. A voz que transmiten as mulleres, sufrida moitas veces por elas, e que pode deixar un gusto amargo da época da guerra civil.

Berta Dávila: ***Carrusel***



Premio García Barros 2019.

Unha escritora que atravesa unha crise creativa decide elaborar un relato do seu percurso vital coa intención de encontrarlle sentido a un pasado difícil, marcado pola doenza mental que padece. Enfrontar as propias pantasmas lévaa a mergullarse no pouso íntimo das vivencias que o tempo deixou atrás e nas afinidades ignotas e inusitadas que elaboran as lembranzas da súa historia familiar e persoal. Novela de ritmo trepidante, rotunda, rica, ben escrita...

Mary Beard: ***Mulleres e poder***



A autora británica presenta un manifesto revolucionario para o noso tempo, que amosa o xeito en que a historia tratou as mulleres poderosas. Os exemplos van desde Medusa e Atenea ata Merkel e Hillary Clinton. Beard examina os fundamentos culturais da misoxinia, mentres reflexiona sobre a voz pública das mulleres, sobre os nosos presupostos culturais acerca da relación das mulleres co poder e sobre as mulleres poderosas que se resisten a ser encadradas en esquemas masculinos.